

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 22 DE FEBREIRO DE 2008.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E TRINTA MINUTOS** do día **VINTEDOUS DE FEBREIRO DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D<sup>a</sup> OFELIA REY RECIMIL**, e a concelleira **D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> MARÍA DOLORES GARCÍA TROITITÑO** e do Secretario acctal da Corporación **DON DAVID GARCIA LAREO**

Non asiste: **D<sup>o</sup> JAVIER CUIÑA MACEIRA**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1<sup>o</sup>.- ACTAS ANTERIORES.-**

**2<sup>o</sup>.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**3<sup>o</sup>.- CONTRATACIÓN.-**

**4<sup>o</sup>.- SUBVENCIONS.-**

**5<sup>o</sup>.- URBANISMO.-**

**6<sup>o</sup>.- SERVIZOS SOCIAIS.-**

**7<sup>o</sup>.- INTERVENCIÓN.-**

**ROGOS E PREGUNTAS.-**

**1<sup>o</sup>.- ACTAS ANTERIORES.-**

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aproba-la acta correspondente ás sesións do 04 e 11 de xaneiro de 2008.

**2<sup>o</sup>.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**2.1.-** Escrito da Delegación Xeral SGAE Galicia, Rexistro de Entrada nº 909, de data 21 de febreiro de 2008, solicitando información sobre o orzamento de gastos municipal do presente exercicio, destinado á organización de cada espectáculo que revistan as

características de gratuidade e acceso libre ó público sin esixencia nin contraprestación algunha.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Concelleiro de Cultura.

**2.2.-** Escrito da Patrulla do Seprona de Lalín, Rexistro de Entrada nº 913, de data 21 de febreiro de 2008, informando sobre un punto de vertido de residuos situado na parroquia de Cira, chegándose a él dende a estrada que une a PO-2017 con Dornelas e Piñeiro, collendo un camiño forestal dende a marxen esquerda desta; atopándose na sproximidades do que parece unha antiga canteira, en medio dunha masa forestal. Mais concretamente nas coordenadas UTM:29 554287 E; 4735993 N.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito o Concelleiro de Medio Ambiente.

**2.3.-** Escrito da Patrulla do Seprona de Lalín, Rexistro de Entrada nº 914, de data 21 de febreiro de 2008, informando sobre un punto de vertido de residuos situado na parroquia de Cira, seguindo un camiño forestal que sae dende a igrexa de Santa Baia, e sigue paralelo a vía do ferrocarril, na marxen esquerda deste no sentido indicado. Mais concretamente nas coordenadas UTM:29 553317 E; 4735921 N.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito o Concelleiro de Medio Ambiente.

**2.4.-** Escrito da Patrulla do Seprona de Lalín, Rexistro de Entrada nº 912, de data 21 de febreiro de 2008, remitindo acta-denuncia/inspección nº 2008-101219-00000047, contra Dª Mª Blanca Fidalgo Villaverde, con domicilio na rúa José Antonio, nº 3 (Silleda), por abandono de camión nos montes de Escuadro, parroquia de Escuadro (Silleda).

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito a Dª Mª Blanca Fidalgo Villaverde para que alegue o que estime oportuno ou proceda a retirada do vehículo.

**2.5.-** Escrito de Explotación Minera de Campomarzo, S.A., Rexistro de Entrada nº 903, de data 20 de febreiro de 2008, como concesionaria do “Vertedero de RCD’s de Silleda”, remitindo relación dos vertidos recepcionados o longo do mes de xaneiro de 2008.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.6.-** Escrito de Dª Lucia Espinosa Borrego, Rexistro de Entrada nº 512, de data 01 de febreiro de 2008, indicando que é dona dunha propiedade que consta dun pazo catalogado como “Ben de Patrimonio Cultural” e dunhas fincas, entre as cales se atopa unha masa forestal de a carón de sete hectáreas, chamada indistintamente “Pinar Novo” e “Bosque de Espinosa”, composta por especies exclusivamente autóctonas, constituindo unha paixase natural única e que acolle unha fauna ornitolóxica importante, e que entendendo que a mesma debe ser protexida para uso das xeracións futuras, solicita que a carballería de referencia sexa incluída dentro do PXOM como zona de “especial protección forestal” e se tomen as medidas

pertinentes para que se protexa doutros posibles atentados ecolóxicos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Alcaldía.

**2.7.-** Escrito da Patrulla do Seprona de Lalín, Rexistro de Entrada nº 824, de data 18 de febreiro de 2008, indicando que nas inmediacións do lugar de Vilanova, parroquia de Margaride (Silleda) atópanse dous perros abandonados.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.8.-** Escrito do Servizo de Interior e Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Rexistro de Entrada nº 856, de data 18 de febreiro de 2008, remitindo denuncia formulada pola Garda Civil contra o titular do establecemento denominado Exilieta, sito na rúa Venezuela nº 32, polo que solicitan informe sobre a licencia municipal de apertura do citado establecemento, así como diversos datos sobre a mesma.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á oficina técnica municipal para que proceda dar traslado ó Servizo de Interior e Administración Local da documentación solicitada.

**2.9.-** Escrito de Acción Social, Promoción de Emprego e Muller da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 849, de data 18 de febreiro de 2008, remitindo resolución pola que se proceda a dar de baixa no Programa de Teleasistencia Domiciliaria a D<sup>a</sup> Emilia Rey Espiño, por traslado de domicilio.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda dar traslado do mesmo a departamento de Servizos Sociais.

**2.10.-** Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 841, de data 18 de febreiro de 2008, expediente DH.A36.13268 a nome de D<sup>a</sup> Araceli Paz López, remitindo resolución de data 13 de febreiro de 2008 pola que se concede o dereito ó uso privativo dun manancial situado no lugar de Cartemil, parroquia de Siador (Silleda), cun caudal medio equivalente de 0,16 litro/segundo, con destino a usos domésticos, gandeiros e rega.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.11.-** Escrito da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, Rexistro de Entrada nº 833, de data 18 de febreiro de 2008, remitindo resolución adoptada polo Xurado Provincial de Clasificación de Mantos Veciñais de Man Común de Pontevedra, en reunión celebrada o día 8 de novembro de 2007, en relación ó monte denominado “Outeiro”, solicitado a prol dos veciños do lugar de Bustelo (Silleda).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.12.-** Escrito de Dº Rafael Ruiz González, con domicilio na rúa Iryda nº 12-1ºB (Bandeira-Silleda), Rexistro de Entrada nº 925, de data 21 de febreiro de 2008, indicando que é unha persoa cunha lesión medular, polo usa unha cadeira de rodas e solicita reformas na rampla existente na entrada do edificio onde ten o seu domicilio, xa que a existente é bastante inclinada, así como a reforma da acera enfrente a entrada do mencionado edificio.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar ó peticionario que, para a realización de obras dentro da entrada do edificio, deberase presentar por parte da Comunidade de Propietarios do mesmo licencia municipal de obras.

**2.13.-** Escrito de Dª Carmen García Varela, Rexistro de Entrada nº 933, de data 21 de febreiro de 2008, solicitando pintado de liña amarela para carga e descarga e entrada de carruaxes no frontal da súa vivenda, que limita coa cuneta e estrada municipal, ubicada no lugar de Iglesia, nº 25, parroquia de Breixa (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Policía Local para que informe sobre esta petición.

### **3º.- CONTRATACIÓN.-**

#### **3.1.- Xestión das contingencias profesionais e/ou comúns do persoal do Concello.**

Visto que, por acordo desta Xunta de Goberno Local, de data 15 de febreiro de 2008, acordouse solicitar ofertas para a contratación dunha póliza para xestión das contingencias profesionais e/ou comúns do persoal do Concello.

Visto que, presentáronse ofertas por parte das empresas Mapfre Servicio de Prevención S.L., Sociedad de Prevención de Ibermutuamur, S.L. Unipersonal e Sociedad de Prevención de Fremap, S.L.U.

Visto que a oferta mais ventaxosa para o Concello é a presentada por Sociedad de Prevención de Ibermutuamur, S.L. Unipersonal

A Xunta de Goberno Local, en base os artigos 56 de 121 do TRLCAP, que permiten calificar o presente como contrato menor, acorda por unanimidade:

1º.- Adxudicar á empresa Sociedad de Prevención de Ibermutuamur, S.L. Unipersonal, con domicilio social na rúa Rosalía de Castro, nº 18-baixo de Vigo, con C.I.F. nº B-84527977, a xestión das contingencias profesionais e/ou comúns do persoal do Concello, por un importe de 5.289,93 €, e unha duración de doce meses, así como aproba-lo gasto correspondente a dita adxudicación

2º.- Dispensar á empresa reseñada da constitución de garantía definitiva, en concordancia co artigo 56 do TRLCAP, por tratarse dun contrato menor, no que a presentación da factura reglamentariamente emitida conclúe o expediente de adxudicación

**3.2.-** Visto que a Relación de Postos de Trabajo é un instrumento a través do cal realizase a ordenación e organización interna do persoal do Concello, dacordo coas necesidades dos servizos, precisando os requisitos para o desempeño de cada posto de traballo; ten natureza de disposición de carácter xeral e as seguintes características:

- É un instrumento de ordenación de postos de traballo.
- Implica a existencia de postos xerarquizados.
- É obrigatoria, de carácter público e con vocación de permanencia, si ben susceptible de modificación.
- Está íntimamente relacionada coa plantilla de persoal.

E vista a necesidade que ten este Concello de realización dun estudio e manual para realización dunha Relación de Postos de Trabajo (RPT), a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda

**PRIMEIRO.** Que se inicie o procedemento de contratación para realización dunha Relación de Postos de Trabajo (RPT) no Concello de Silleda, mediante procedemento negociado sin publicidade por razón da contía, conforme o artigo 141 do TRLCAP.

**SEGUNDO.** Que se incorporere ó expediente de contratación o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexirá o contrato, determinándose para a adxudicación do contrato o expediente de contratación urxente e o procedemento negociado sin publicidade, solicitando ofertas alomenos a tres empresas capacitadas para á realización do obxecto do contrato

**TERCEIRO:** Que por parte da Secretaria se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir

**CUARTO.** Que por parte da Intervención se emita informe sobre a existencia de consignación suficiente para autorizar o gasto para realizar a contratación referenciada.

#### **4º.- SUBVENCIONS.-**

Non hai asuntos que tratar.

#### **5º.- URBANISMO.-**

##### **5.1.- Licencia de Segregación/Agrupación.**

**5.1.1.-** Dase conta da solicitude presentada por Dº Juan José Salgueiro Montouto en representación dos irmáns Dº Jesús Antonio Paradinas Gontán e Dª Pilar Paradinas Gontán, con domicilio na rúa Xeral, nº 3-2º de Bandeira (Silleda), Rexistro de Entrada nº 562, de data 05 de febreiro de 2.008, solicitando parcelación (en dúas partes) de finca (con referencia catastral 36052A048004910001LY) situada na rúa Mª Colmeiro, nº 51 de Silleda, segundo

proxecto aportado e redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Dº Luis Angel Fernández Fernández, de data 01 de febreiro de 2.008, e visado polo Colexio Oficial, nº 207/08.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do Asesor Técnico Municipal, de data 19 de febreiro de 2.008, no que se sinala:

*“ 1º- En data 29-xullo-2005, a Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda acorda conceder licencia de parcelación para segregar en dúas partes a finca situada na rúa Mª Colmeiro, nº 51 (Silleda).*

*2º.- Debido a un erro nos datos referidos á superficie da finca, o solicitante fixo unha nova solicitude en data 2-febreiro-2007 e a Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda, en data 20-abril-2007, acorda conceder licencia de parcelación para segregar en dúas partes a finca situada na rúa Mª Colmeiro, nº 51 (Silleda).*

*3º- A finca matriz que se sinala no novo informe pericial aportado ten unha superficie de 4.855,00 m<sup>2</sup>, e sitúase parte dela (3.095,00 m<sup>2</sup>) en solo clasificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como Solo Urbano Edificación Cerrada (SU/EC) e a parte restante (1.760,00 m<sup>2</sup>) en Solo Urbanizable Non Programado Residencial (SUNP/R).*

*Os seus lindeiros son os seguintes:*

- Norte: Dario Louzao Fernández e Concepción Alicia Pérez Couto.*
- Sur: Vial de nova apertura previsto no PXOM de Silleda.*
- Este: Vial de nova apertura previsto no PXOM de Silleda.*
- Oeste: Rúa Mª Colmeiro.*

*Conforme ó vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, é divisible e cumpre co establecido na Sección 4ª (parcelacións), Artigo 204, da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro.*

*4º- Preténdese parcelar en dous dita finca matriz, que quedaría do seguinte xeito:*

*- Parcela A: Cunha extensión superficial de 4.255,00 m<sup>2</sup>, sitúase parte dela (2.495,00 m<sup>2</sup>) en solo clasificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como Solo Urbano Edificación Cerrada (SU/EC) e a parte restante (1.760,00 m<sup>2</sup>) en Solo Urbanizable Non Programado Residencial (SUNP/R), sendo os seus lindeiros:*

- Norte: Dario Louzao Fernández e Concepción Alicia Pérez Couto.*
- Sur: Vial de nova apertura previsto no PXOM de Silleda.*
- Este: Vial de nova apertura previsto no PXOM de Silleda.*
- Oeste: Rúa Mª Colmeiro e vial de nova apertura previsto no PXOM de*

*Silleda.*

*- Parcela B: Cunha extensión superficial de 600,00 m<sup>2</sup>, sitúase toda ela en solo clasificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como Solo*

*Urbano Edificación Cerrada (SU/EC); sendo os seus lindes:*

- Norte: *Dario Louzao Fernández e Concepción Alicia Pérez Couto.*
- Sur: *Parcela A resultante da segregación.*
- Este: *Parcela A resultante da segregación.*
- Oeste: *Rúa M<sup>a</sup> Colmeiro.*

*As parcelas resultantes da nova parcelación cumpren coas condicións establecidas no vixente PXOM e na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro.”*

Por unanimidade acorda conceder a licencia de parcelación (en dúas partes) de finca (con referencia catastral 36052A048004910001LY) situada na rúa M<sup>a</sup> Colmeiro, nº 51 de Silleda.

## **5.2.- Actividades Clasificadas:**

**5.2.1.-** Examinado o expediente promovido por D<sup>o</sup> JOSÉ RAFAEL CUÑARRO PAMPÍN, en virtude de instancia nº 3757 de data 14 de setembro de 2005, solicitando Licencia de actividade correspondente a ampliación de explotación de gando porcino de cebo, a situar no Monte de Penido, lugar chamado As Brañas, parroquia de Graba (Silleda), segundo proxecto do Enxeñeiro Técnico Agrícola D<sup>o</sup> Luis Moreira Matos, visado polo Colexio Oficial en data 06 de setembro de 2005, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., existindo unha alegación presentada por D<sup>o</sup> Juan Pichel Teijeiro en representación da comunidade de herdeiros de D<sup>o</sup> Francisco Pichel Gómez (Rexistro de Entrada nº 4231, de data 18.10.05) da cal posteriormente solicitouse se deixara sin efecto (Rexistro de Entrada nº 1416, de data 03.04.07), e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 19 de febreiro de 2008.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, sua posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e sua adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 3757/05 instada por Dº JOSÉ RAFAEL CUÑARRO PAMPÍN, para ampliación de explotación de gando porcino de cebo, a situar no Monte de Penido, lugar chamado As Brañas, parroquia de Graba (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial) para que emita informe previo á concesión da correspondente licencia, unha evz obtida a autorización autonómica previa solicitaráselle ó promotor o proxecto básico e de execución e remitirase o expediente completo á delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental).

#### **6º.- SERVICIOS SOCIAIS.-**

6.1.- Dase conta do informe emitido pola Traballadora social deste Concello, Dª Celia González Peteiro, sobre a solicitude de alta no Servicio de Teleasistencia Domiciliaria, correspondente a Dª Josefa Collazo Otero, con domicilio no luagr de Barrabaite, nº 6, parroquia de Lamela (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe anteriormente mencionado, acorda prestar aprobación á solicitude de alta no Servicio de Teleasistencia Domiciliaria de Dª Josefa Collazo Otero.

#### **7º.- INTERVENCIÓN.-**

7.1.- Visto o informe emitido pola Interventora do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00007-08, de data 22 de febreiro de 2008, ascendendo a mesma a un importe total de 58.855,51 € (Relación en Anexo adxunto).

#### **ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e cuarenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretario



acctal., dou fe.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO acctal,